

MATERIA
Historia de Roma

TITULACIÓN
Grao en Filoloxía Clásica

unidade
didáctica
4

O Alto Imperio

Ana M^a Suárez Piñeiro

Historia Antiga
Departamento de Historia
Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2020

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions

ISBN

978-84-18445-34-7

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788418445347>

MATERIA: Historia de Roma

TITULACIÓN: Grao en Filoloxía Clásica

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. As orixes de Roma

Unidade II. A Monarquía

Unidade III. A República

Unidade IV. O Alto Imperio

Unidade V. O Baixo Imperio



ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN

2. OBXECTIVOS

3. CONTIDOS

- 3. 1. Augusto e a fundación do Principado
 - 3.1.1. Ascenso ao poder
 - 3.1.2. Os poderes do *Princeps*
 - 3.1.3. As reformas de Augusto
 - Administración provincial
 - Administración local
 - A política exterior: as fronteiras do Imperio
 - O exército: a reforma militar
 - Reformas sociais
 - Reforma relixiosa
 - 3.1.4. A sucesión imperial
- 3. 2. Dinastías altoimperiais
 - 3.2.1. Xulio-Claudios (14-68)
 - Tiberio (14-37)
 - Calígula (37-41)
 - Claudio (41-54)
 - Nerón (54-68)
 - 3.2.2. Flavios (69-96)
 - 3.2.3. Antoninos (96-192)
 - Traxano (98-117)
 - Antonino Pío (138-161)
 - Marco Aurelio (161-180)
 - Cómodo (180-192)
 - 3.2.4. Severos (193-235)
 - O legado dos Severos
- 3. 3. Sociedade e economía
 - 3.3.1. Sociedade
 - 3.3.2. Economía

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

5. AVALIACIÓN

6. BIBLIOGRAFÍA

Fontes clásicas

7. ANEXOS

A. Augusto: os poderes do *Princeps*

B. Dinastías altoimperiais

Dinastía xulio-claudia: Calígula

Dinastía xulio-claudia: Claudio

Dinastía flavia: Vespasiano

Dinastía flavia: Tito

Dinastía antonina: Traxano

Dinastía antonina: Hadriano

Dinastía antonina: Marco Aurelio

Dinastía antonina: Cómodo

Dinastía severa: Macrino

C. Mulleres imperiais

Livia Drusila

Mesalina

Agripina

Xulia Domna



1. PRESENTACIÓN

Esta unidade didáctica sobre O Alto Imperio forma parte da materia Historia de Roma (G5071502) que está integrada no módulo Historia, arte e pensamento grecorromanos. Corresponde á titulación de Maior en Filoloxía Clásica (materia ordinaria Grao RD 1393/2007), posúe carácter obrigatorio e cúrsase no segundo ano (2º curso), no segundo cuadrimestre.

Esta materia consta de 6 créditos e supón, polo tanto, 150 horas de dedicación total por parte do alumnado. Estas horas repártense entre o traballo na aula e o labor autónomo do alumnado, da seguinte maneira.

- Traballo presencial: 51 h.
 - Docencia expositiva: 32 h.
 - Docencia interactiva: 16 h.
 - Titorías personalizadas: 3 h.
- Traballo autónomo (estudo, lecturas, elaboración de traballos, preparacións de exposicións orais, etc.): 99 h.

Historia de Roma organízase en cinco unidades, segundo un criterio cronolóxico. A unidade que aquí se presenta, O Alto Imperio, é a cuarta e para impartila prográmanse 13 horas de clase, distribuídas en 13 sesións de 1 hora de duración cada unha delas.

UNIDADE 1: As orixes de Roma

UNIDADE 2: A Monarquía

UNIDADE 3: A República

UNIDADE 4: O Alto Imperio

UNIDADE 5: O Baixo Imperio

Partindo, pois, dunha estruturación cronolóxica da materia, esta unidade insírese despois da finalización do período republicano que marca o inicio do novo tempo político que supón o Imperio. Roma pasa do poder colexiado, aristocrático da *nobilitas*, na República, ao poder dun só individuo, o *princeps*, no Principado.

En primeiro termo abórdase como se instaura o novo réxime, da man de Augusto, quen inaugura a dinastía imperial dos Xulio-Claudios. Veremos como manteñen o poder e cales son as claves da súa política. De igual xeito estudaremos as seguintes dinastías, os Flavios e os Antoninos; e xa, na fase final do período, e anticipando a crise do século terceiro, os Severos.

Ademais do cambio político, de concepción do poder, o Alto Imperio implica o tempo máis brillante da historia de Roma. Esta acadará a súa máxima expansión territorial e a fase de maior prosperidade social e económica.

2. OBXECTIVOS

Dentro do conxunto da materia establécense unha serie de obxectivos **xerais** que a continuación se relacionan.

- **Obxectivo 1:** coñecer o marco xeográfico e cronolóxico de desenvolvemento da antiga Roma.
- **Obxectivo 2:** comprender os aspectos esenciais da Historia de Roma nos seus diversos ámbitos: político e institucional, social e económico, cultural ou relixioso.
- **Obxectivo 3:** identificar as fontes primordiais (textuais e arqueolóxicas) para reconstruír a historia da antiga Roma.
Para contribuír a acadar estes fins, de maneira particular nesta unidade perséguese unha serie de obxectivos **específicos** que aquí se indican.
- **Obxectivo 1:** coñecer o marco xeográfico e cronolóxico de desenvolvemento da Roma altoimperial.
- **Obxectivo 2:** comprender os aspectos esenciais da Historia de Roma no alto Imperio nos seus diversos ámbitos: político e institucional, social ou relixioso.
- **Obxectivo 3:** identificar as fontes primordiais (textuais e arqueolóxicas) para reconstruír a historia romana nos dous primeiros séculos do Imperio.

3. CONTIDOS

A unidade didáctica está composta de tres temas:

Tema 1. Augusto e a fundación do Principado

1. O ascenso ao poder
2. Os poderes do *Princeps*.
3. As reformas de Augusto
4. A sucesión imperial

Tema 2. As dinastías altoimperiais

1. Xulio-Claudios (14-68)
2. Flavios (69-96)
3. Antoninos (96-192)
4. Severos (192-235)

Tema 3. Sociedade e economía

1. Sociedade
2. Economía

3. 1. Augusto e a fundación do Principado

Octavio Augusto (31 a. C.-14) aprendeu da caída de César e evitou os seus erros. Centrou a súa política en ordenar internamente o Estado, obxectivo tan importante ou máis como estender as súas fronteiras. A fin das guerras civís e as vitorias no exterior foron acompañadas dunha era de prosperidade material e grandeza intelectual que pasou á historia como a *Pax Augusta* ou *Pax Romana*. O tempo de Augusto viu como se edificou a nova Roma (deseñada por Agripa) e floreceu a literatura latina (da man de autores coma Tito Livio, Virxilio, Horacio ou Ovidio), fomentada por personaxes como Mecenas. O propio Octavio legounos un texto, con valor de testamento vital, para coñecer a súa obra, *Res Gestae Divi Augusti*.

3.1.1. Ascenso ao poder

Moitos historiadores denominan o tempo que media entre a morte de César e a do seu herdeiro (60 anos, do 44 a. C. ao 14) como o século de Augusto, xa que os romanos empregaban o termo *saeculum* para definir un período histórico determinado, neste caso excepcional. Como R. Syme indicara na súa obra clásica *A revolución romana*, algúns cambios irreversibles comezaran xa co primeiro triunvirato, ao cal se subordinara o Senado. Nesta etapa desapareceu o sistema de goberno republicano, malia que os responsables políticos se presentasen como defensores da vella orde. De feito, produciuse unha auténtica revolución política posto que, revestido das vellas formas da República, xurdiu un novo sistema baseado no poder dun só mandatario.

Neste tempo, Octavio viviu dúas fases ben distintas: na primeira, el compartiu poder cos membros do segundo triunvirato, Marco Antonio e Emilio Lépido; na segunda, a partir da batalla de Accio, no 31 a. C., cando derrotou a Marco Antonio para quedar como único dono do poder.

Cando é asasinado César, Octavio atopábase nos Balcáns; apenas era un mozo de 18 anos. Presentouse axiña en Roma para recibir a herdanza de César e atopouse cun Marco Antonio, receoso de competir cun rival co que non contaba. Octavio investiu boa parte dos bens legados en atraer o pobo de Roma con liberalidades, xogos e espectáculos. Un e outro buscaban facerse co favor popular e por presentarse como o sucesor de César. Este panorama político tan complexo completábase cos asasinados do ditador. Bruto, refuxiado en Módena, como gobernador da Cisalpina mantiña o apoio do Senado. Neste contexto Marco Antonio sitiou a cidade, pero os cónsules acudiron en axuda de Bruto e Octaviano apoiou a decisión do Senado. Marco Antonio foi derrotado, evidenciándose, por vez primeira, a capacidade política de Octaviano.

No entanto, paseniñamente Octavio e Marco Antonio foron achegando posturas ata reunirse en Boloña, xunto cunha terceira figura, Lépido. Os tres formaron o segundo triunvirato, un convenio privado que adquiriu, a diferenza do primeiro, valor xurídico mediante a lei Titia. Por esta os triunviros asumían os máximos poderes políticos e militares do Estado por un período de cinco anos (desde finais do 43 ata finais do 38 a. C.), que podía ser renovado, como así foi. Malia que se mantiña o consulado, as decisións dos triunviros eran indiscutibles e posuían forza de lei. Os tres mandatarios repartíronse o goberno das provincias: a Lépido correspondéronlle a Narbonense e as provincias de Hispania; a Marco Antonio, Cisalpina e Galia Comata; a Octaviano, África, Numidia, Sardeña e Sicilia. Elaboraron a lista de proscritos (incluíndo 300 senadores e 2000 ecuestres), considerados inimigos públicos do Estado, que podían ser executados e os seus bens incautados. Asemade, os tres debían colaborar para recuperar as provincias orientais en mans dos asasinados de César: Ilírico, Grecia e Macedonia baixo a autoridade de Bruto; e Cirenaica, Asia e Chipre controladas por Casio.

O combate definitivo coas forzas dos triunviros tivo lugar na cidade macedónica de Filipos, en outubro do 42 a. C. Alí morreron Bruto e Casio e as súas tropas rendéronse. Esta batalla tamén supuxo a reordenación de competencias dos

triumviros. Lépido, o de menor capacidade militar e política dos tres, quedou como mera comparsa, limitado ao goberno de África; mentres, Marco Antonio engadiu a Narbonense e as provincias orientais, que había que reorganizar. Pola súa vez, Octaviano sumou os territorios de Hispania.

Só quedaba o perigo de Sexto Pompeio, en Hispania, quen, tras fuxir de Munda (Córdoba), acabaría abatido en Oriente, no 36 a. C. Neste contexto, Octaviano gozaba dunha autoridade militar indiscutible en Occidente, pero a maioría do Senado era favorable a Marco Antonio. A situación mudou grazas ao apoio de Mecenas, un dos homes máis influentes e adañados da época (patrocinou as obras de Ovidio ou Virxilio que enalzaban a Octaviano e a familia Xulia). Este magnífico labor de propaganda viuse favorecido pola relación de Marco Antonio coa raíña de Exipto, Cleopatra. Marco Antonio foi presentado como un monarca que aspiraba a someter Occidente ao despotismo oriental. Finalmente, todas as forzas mobilizáronse arredor de Octavio fronte a Marco Antonio, presentado coma un traidor a Roma. A batalla de Accio, no 31 a. C., supuxo a derrota da súa armada e determinou o posterior suicidio de Marco Antonio e Cleopatra.

Octaviano actuou con prudencia e non represaliou os seguidores do seu rival. A súa madurez política permitiulle recoñecer a eficacia do aparato administrativo establecido en Oriente e baseado na mellora dalgunhas das liñas introducidas xa por Sila: potenciar o desenvolvemento da administración local e control da actividade dos *publicani*; así como o establecemento dunha rede de príncipes e reis vasallos nas marxes do territorio romano como freo a incursións exteriores.

Coa morte de Cleopatra, Roma completou o dominio sobre o último reino helenístico do Mediterráneo. Dada a súa extraordinaria riqueza, sobre todo pola produción de cereal, Octaviano impediu que Exipto tivese a consideración de provincia e incorporouna como propiedade privada súa. O destino económico de Exipto sería abastecer a plebe de Roma.

3.1.2. Os poderes do *Princeps*

No ano 28 a. C., só xa no poder, aproveitando a elaboración do novo censo, Octaviano encontrou a oportunidade para controlar o Senado: premiar fidelidades e facer unha lista de senadores adictos. Este mesmo ano o Senado proclamouno *princeps Senatus*, o senador de maior prestixio que dirixía as súas sesións. Non obstante, e a pesar de ter na práctica un poder case absoluto, Octaviano seguía gobernando no marco republicano. Respecto á vella cámara, depurou os senadores non adeptos, reduciu de 900 a 600 os seus membros e converteu en hereditaria a condición de senador. Asemade, creou o *concilium principis*, un órgano consultivo integrado por un reducido número de senadores para aconsellar o emperador.

A continuación, Octaviano declarou que rematara o período de perigo de excepción e que tocaba tornar á legalidade republicana. O Senado actuou en consecuencia promovendo cambios constitucionais para que a situación presente non se alterase. Deste xeito concedéuselle o *imperium maius*: unha autoridade e poder superiores a calquera maxistratura, que lle permitía nomear todos os xefes

militares, sometidos xa a súa autoridade. E de aquí derivarase, precisamente, o título de *imperator*. Esta decisión foi acompañada da repartición do goberno sobre as provincias do Imperio. Aquelas pacíficas, nun estado avanzado de romanización que podían manterse sen tropas, quedaban baixo o poder do Senado: Sicilia, Sardeña, Bética, África, Asia, etc. Pola contra, as provincias conquistadas máis tardiamente, que esixían tropas lexionarias (Siria, Cilia, Chipre, Galia Comata, Hispania Citerior, etc.), permanecían baixo a autoridade do emperador. O Senado concedeuulle, ademais, a Octavio o título de *Augustus*, que non se correspondía con ningunha maxistratura, pero que lle confería unha autoridade superior ao resto dos mortais, posto que lle daba carácter divino á súa misión.

No 23 a. C., tras descubrirse unha conspiración, o Senado outorgou a Augusto unha *tribunicia potestas* por dez anos, un poder análogo ao dos tribunos, pero superior ao destes, pola cal se convertía en defensor dos intereses do pobo. A pesar de todos estes títulos e poderes, non se suprimiu ningunha maxistratura republicana. Incluso, Octavio contribuíu a manter a aparencia de goberno republicano e seguiu desempeñando o consulado xunto a un colega.

Por outra banda, a relegación política de Lépido no segundo triunvirato fora compensada co seu nomeamento como *pontifex maximus*, principal responsable en materia relixiosa, que mantivo ata a súa morte no 12 a. C. Desde entón, Augusto ocupou esta maxistratura de forma vitalicia. Ademais, o *princeps* recibiu outros honores que sancionaban a súa preponderancia, social e política: *curator legum et morum* ou *pater patriae*.

De maneira progresiva nos títulos dos emperadores posteriores acabaron sendo habituais as formas de *imperator*, *Caesar*, *Augustus*, dotados de *tribunicia potestas*, *pontifex maximus*, *pater patriae* e cónsul, máis outras particulares de cada mandatario. Así quedaba expresada a *auctoritas* e o poder do emperador.

3.1.3. As reformas de Augusto

Grazas ao enorme poder acaparado, o primeiro *princeps* puido emprender un programa completo de reformas que afectaron a todos os ámbitos da política romana.

Administración provincial

As medidas aplicadas na reordenación da administración provincial permitiron mitigar a corrupción e o desgoberno nas provincias, froito de constantes protestas e descontento.

As provinciais imperiais eran dirixidas por legados imperiais: un legado provincial, coa máxima autoridade sobre todas as cuestións do territorio; un legado para cada lexión e, ás veces, outros legados para o censo ou para colaborar na administración xudicial. Todas as legacións eran ocupadas por membros de rango senatorial, ben antigos cónsules ou ben pretores. Algunhas provincias menores tiveron un gobernador de rango ecuestre como *procurator provinciae*.

Esta división de funcións civís e militares limitaba a concentración de poder nas provincias. As funcións financeiras, desempeñadas sempre por un cuestor, pasaron a ser realizadas por un *procurator*, de rango ecuestre. O sistema completábanos outros procuradores, a maioría deles libertos imperiais, con competencias menores sobre partes do territorio, un distrito mineiro, o cobro dun imposto, etc. Deste xeito quedaron excluídos das provinciais imperiais os *publicani*, antes encargados do arrendamento de impostos e de contratos públicas. A nova administración fiscal demostrouse axiña máis eficaz cá anterior e demandou a creación dunha nova caixa central de recadación de taxas, coñecida como fisco; separado do erario de Saturno, ou caixa central para a administración fiscal das provincias senatoriais.

Pola súa parte, as provincias senatoriais seguiron sendo xestionadas coma en época republicana por un gobernador de rango senatorial (*proconsul* ou *propraetor*), sen mando militar, nomeado polo Senado. Este era axudado por un cuestor en materia financeira. Non obstante, os gobernadores destes territorios foron obxecto dunha progresiva supervisión por parte da administración imperial.

Asemade, a ampliación do número de provincias facilitou a progresiva profesionalización no ámbito administrativo dos membros das ordes senatorial e ecuestre.

Administración local

César iniciara xa un amplo programa de implantación do modelo urbano en Italia e nas provincias. Augusto continuouno. Moitas cidades provinciais adquiriron o estatuto de privilexiadas (colonia ou municipio) co obxecto de organizárense de xeito semellante ao modelo de Roma. Así mesmo, amplas rexións nas provincias foron subdivididas en territorios menores e comezaron a ter un centro único para a administración local, xa fose unha cidade indíxena, un lugar de mercado ou unha aldea central. Así conseguiuase unha integración maior das comunidades locais, de modo que estas se administrasen segundo as formas de Roma (*civitates* privilexiadas) ou combinando usos locais e normas romanas (*civitates* con estatuto peregrino: libres, federadas ou estipendiarias).

A política exterior: as fronteiras do Imperio

A política fronteiriza de Augusto, marcada pola prudencia, respondeu tamén aos ideais dos líderes republicanos dos últimos tempos ao non dubidar en comprometerse con campañas destinadas a ampliar dominios territoriais. Con todo, o límite das súas intervencións no exterior baseouse no principio de non ampliar os efectivos militares. Deste xeito, un dos eixes da súa estratexia foi buscar fronteiras naturais.

Controlados militarmente os Alpes, Roma trazou vías para comunicar polo interior o norte de Italia coas Galias, Xermania e as provincias subdanubianas. A anexión do Nórico, Panonia e Dalmacia permitía manter abertas as vías terrestres cara a Oriente e situar o Danubio como barreira natural (que non se alteraría ata

Traxano). Onde Augusto atopou máis dificultades e fracasou foi na Xermania. Estaba interesado en fixar as fronteiras entre o río Elba e o mar Báltico, buscando maior protección fronte aos dacios, pero, finalmente, o límite situouse no Rin. En Oriente, Augusto respectou a política practicada por Marco Antonio que establecía o Éufrates como límite da expansión. Para garantir a fronteira mantiveron inicialmente pequenos reinos clientes (Galacia, Armenia ou Paflagonia) que acabaron dependendo de Roma, menos Armenia que retivo a autonomía pola súa condición estratéxica como freo ante os partos. Mentres, os dominios en África contaban cos límites naturais do deserto salvo no oeste onde se mantiña o reino aliado de Mauritania.

En consecuencia, Augusto estabilizou as fronteiras do Imperio no que consideraba os seus límites máximos de extensión:

- o ao norte, o *limes* Rin-Danubio;
- o ao sur, Exipto;
- o no extremo occidental, o océano Atlántico (el mesmo finalizou a conquista de Hispania, sometendo os pobos do norte nas Guerras Cántabras);
- o ao leste, preto do Éufrates.

En canto á península Itálica, a Galia Cisalpina ou Traspadana mantivera o estatuto de provincia no segundo triunvirato. Este feito permitía o asentamento estratéxico de lexións para a defensa do territorio. Augusto privou a rexión do estatuto de provincia e agregouna ao territorio de Italia. A continuación, o *princeps* dividiu Italia en once rexións. E para defender a poboación de bandidos, motíns locais ou revoltas de escravos creou tropas especiais, os pretorianos, que se asentaron en pequenos cuarteis distribuídos por toda a península.

Augusto tamén actuou en Roma, a cal organizou en *regiones* e *vici* (barrios); creou gardas nocturnos e vixilantes contra incendios; mandou limpar e ensanchar o leito do Tíber; reparou a vía Flaminia; reconstruíu templos e decorounos de maneira suntuosa, etc. El mesmo presumía da súa actuación na capital: «atopei unha cidade de ladrillo e deixei unha de mármore». Para asegurar a distribucións de alimentos e evitar o desabastecemento creou a prefectura da *annona*. En suma, tomou o control directo sobre a capital do imperio. Ao mesmo tempo, parece que promoveu plans similares en moitas cidades provinciais.

O exército: a reforma militar

Tras Accio, Augusto tomou as primeiras medidas no ámbito militar co obxectivo de acadar un exército máis fiel e con menos efectivos. Reduciuse o número de lexións (24), mentres creceron as tropas auxiliares (alas e cohortes). Sumando armada e tropas pretorianas asentadas en Italia, en total Roma contaría con 230.000 homes (cifra moito menor que os arredor de 500.000 que existían durante o segundo triunvirato).

Por outra banda, Augusto promoveu o recrutamento de tropas lexionarias entre cidadáns romanos de ámbitos provinciais destinadas a campamentos das fronteiras, mentres a poboación de Italia se reservaba para as vacantes das unidades asentadas na península (pretorianos ou *vigiles* de Roma). A reforma incluía unha

regulamentación que afectaba a múltiples aspectos da vida militar para profesionalizar as tropas: duración do servizo obrigatorio, prohibición de casar, escala de soldos, etc.

Reformas sociais

Como *curator legum et morum*, o *princeps* asumía a vixilancia dos costumes e da moral da sociedade. Esta atribución concretouse en varias leis que procuraban paliar a decadencia moral. Desta maneira, a lei de matrimonio das ordes estimulaba o incremento da natalidade de senatoriais e cabaleiros e penalizaba os solteiros. Para frear o adulterio, este considerouse por lei un delito. Outras disposicións atacaron o luxo ou a extravagancia; por exemplo, prohibiuse que os fillos de familias senatoriais ou ecuestres exercesen como gladiadores ou cómicos e limitouse a manumisión masiva de escravos, así como o acceso rápido de moitos libertos á cidadanía romana.

Por outra banda, o incremento do número de cidadáns romanos e a súa dispersión nas cidades de Italia e das provincias provocou a perda de capacidade política das asembleas. Non obstante, a plebe de Roma seguiu sendo un dos mellores termómetros para medir o grao de aceptación dun goberno. Deste xeito continuou o compromiso de facer partícipes os cidadáns dos beneficios do Imperio. A cifra de 180/200.000 compoñentes da plebe alimentaria, tras a redución practicada por César, mantívose con Augusto e durante os dous primeiros séculos.

Reforma relixiosa

O pontificado permitiulle a Augusto intervir de forma máis activa no desenvolvemento da política relixiosa. Revitalizou a vella relixión romana e freou o auxe dos cultos orientais. Reforzou tamén a súa imaxe mediante o culto imperial, e así varios monumentos e altares erguéronse en nome do emperador por todo o territorio (por exemplo, o altar de Tarraco no ano 27 a. C.). Finalmente, impuxo que Xulio César fose adorado coma un deus.

3.1.4. A sucesión imperial

A crise do 23 a. C. (un amago de conspiración) levou os asesores de Augusto a prever unha fórmula de sucesión. Optouse por vincular a Agripa coa familia de Augusto. Agripa casa con Xulia, filla do emperador. Pero Agripa morre e pouco despois os seus fillos. Neste contexto, Augusto decidirá adoptar a Tiberio, fillo da súa muller, Livia.

3. 2. Dinastías altoimperiais

Sobre este tempo temos relatos de historiadores antigos que afondan en detalles psicolóxicos e persoais (Suetonio, *Vida dos doce Césares*); mentres, outros ofrecen unha perspectiva máis ampla, caso de Tácito (*Annales*). Polo xeral, os autores

conceden pouca atención á situación económica ou social do Imperio e hai grandes silencios sobre as provincias e a vida nas cidades. De aí que teñamos que acudir as fontes arqueolóxicas, numismáticas, etc., para completar a información.

3.2.1. Xulio-Claudios (14-68)

O nome común de Xulio-Claudios correspóndese coas relacións de parentesco entre os emperadores da dinastía: Tiberio, fillo de Livia, muller de Augusto, foi adoptado por este; Xermánico, sobriño de Tiberio e adoptado por este, tivo como fillo a Calígula e a Agripina, casada en segundas nupcias con Claudio. Nerón era fillo de Domicio Ahenobarbo e Agripina.

Os sucesores de Augusto gobernaron por períodos de tempo moito menores respecto ao seu mandato. A excepción de Claudio, ningún demostrou estar especialmente dotado para o cargo e evidenciaron as debilidades dun sistema dinástico hereditario.

Tiberio (14-37)

Nun principio contou coa colaboración e consello do Senado. Respecto ao pobo, tentou garantir a tranquilidade pública, para o cal construíu un cuartel de tropas pretorianas, reprimiu as desordes populares e interveu persoalmente nas crises económicas (19 e 32/33) para evitar disturbios provocados pola fame.

A segunda parte do seu mandato foi valorada polas fontes de maneira negativa, presentándoo como un gobernante cruel, despótico e inestable mentalmente. Foi este un tempo no que ordenou a morte de moitos senadores e levantou moitas inimidades, mentres a sociedade romana se escandalizaba pola súa conduta de crueldades e excesos no seu retiro de Capri.

No entanto, a realidade histórica compréndese mellor se comparamos as dificultades económicas que herdou e o legado que deixou: un tesouro público saneado e unha mellora xeral na administración e na economía das provincias. No plano exterior foi partidario de manter a fronteira no Rin e continuar a política de Augusto de contención das fronteiras. En materia relixiosa, como *pontifex maximus* velou con esmero pola relixión tradicional e rexeitou a súa divinización en vida.

Calígula (37-41)

A súa figura resulta complexa de valorar pola brevidade do seu mandato e o seu violento final. Seguindo a obra de Suetonio, neste principado distínguense dúas fases: os comezos, como restaurador da liberdade e colaborador do Senado; e, tras unha grave enfermidade, aparece a etapa nefasta na que actuaría como un tirano. Porén, a historiografía máis recente tenta restaurar a imaxe deste gobernante, afondando na súa política e deixando á marxe os trazos máis excéntricos da súa persoa.

O elemento máis característicos do seu goberno residiu nas bases relixiosas que pretendeu dar ao seu poder, influído polos modelos políticos orientais do Exipto helenístico. Así se propuxo como representante da divindade na terra; fíxose venerar xunto a Cástor e Pólux; reintroduciu o culto a Isis, casou coa súa irmá Drusila, etc. A maior resistencia para aceptar a súa divinización chegou dos senadores. Daquela, o emperador procurou o apoio de cabaleiros, libertos imperiais e plebe romana. Mentres as arcas públicas estiveron cheas, repartiu axudas á *plebs* con xenerosidade; cando os fondos se esgotaron, tivo que espremer as clases baixas con impostos.

Por outra banda, quixo satisfacer a súa megalomanía con grandes xestas militares, pero as súas expedicións a Xermania e a Britania resultaron unha parodia calamitosa. Neste contexto, a oposición senatorial e a antipatía do exército provocaron varios complots e, finalmente, Calígula foi asasinado xunto coa súa familia.

Claudio (41-54)

Foi elixido sucesor pola garda pretoriana, pensando, ao parecer, que sería un home fácil de manexar pola súa fama de débil e avanzada idade. Non obstante, e contra todo prognóstico, Claudio converteuse nun dos mellores, máis brillantes e eficaces emperadores. Foi un excelente gobernante e estratega militar, tremendamente popular entre a plebe.

Nun principio esforzouse en defender a legalidade, amnistiando a todos os exiliados por Calígula e afastándose de toda pretensión de ser divinizado en vida. A continuación levou a cabo grandes reformas administrativas na procura de maior eficacia; de aí o peso que adquiriron algúns libertos imperiais nas oficinas centrais do Imperio. Tentou mellorar a xestión da xustiza coa creación de máis comisións xudiciais, e ampliou o número de cidadáns facendo concesións masivas de cidadanía ás poboacións alpinas e outras cidades non itálicas. Mostrouse moi integrador, nomeando ricos provinciais como senadores (en particular representantes das familias máis importantes das Galias), contrarrestando a asfixiante xenofobia da sociedade romana. Para facilitar o abastecemento de Roma construíu un gran porto en Ostia. Na política exterior, onde tamén saíu exitoso, a campaña militar máis importante foi a conquista de Britania.

As fontes coinciden en sinalar a súa última muller, Agripina, como responsable da conspiración que o matou.

Nerón (54-68)

O acceso ao poder de Nerón, largamente preparado pola súa nai, Agripina, e polos libertos imperiais, foi tan rápido como o de Claudio e similar a este: os pretorianos proclamárono e o Senado aceptouno. O novo emperador era un mozo inexperto de só 17 anos, razón pola cal a primeira fase do seu mandato, coñecida como quinquenio áureo, estivo determinada pola influencia dos seus conselleiros. Eles marcaron unha política de colaboración co Senado, de boas relacións co sector ecuestre e de continuidade ideolóxica respecto dos anteriores emperadores. Esta

etapa truncouse no ano 58, cando Nerón comezou a gobernar dunha forma tiránica e cruel e incluso familiares e colaboradores sufriron a súa ira (ordenou a morte, entre outros, de súa nai, de seu irmán Británico, da súa esposa Octavia, etc.).

O *princeps* practicou un plan de renovación cultural, apoiando de maneira entusiasta música e teatro, e promoveu a celebración de xogos e espectáculos. De igual xeito desenvolveu unha política de embelecemento da casa imperial e da capital, na que sobresaíu a construción dun palacio monumental, *Domus Aurea*. Esta tendencia megalómana achegábo a imaxe dun emperador propio do Exipto helenístico que axiña levantou moita oposición, sobre todo ante os gastos que carrexou. Por outra banda, a reconstrución de Roma tras o grave incendio que a asolou no ano 64 esixía fortes investimentos. Ante as crecentes dificultades financeiras, Nerón optou por subir os impostos indirectos e aplicar unha reforma monetaria marcada pola depreciación das moedas.

No ámbito exterior negou calquera aspiración expansionista en Britania ou Xermania, polo que as tropas das provincias occidentais se levantaron contra el. Finalmente, o xeneral Galba derrocouno e, véndose sen saída, Nerón suicidouse.

O Imperio entrou nunha breve anarquía, na que nun mesmo ano (69) Roma tivo catro emperadores que loitaron por impoñerse entre eles (Galba, Otón, Vitelio e Vespasiano), tras a sublevación inicial de Vindex, legado imperial na Galia Lugdunense. Todos eran destacados militares do ámbito provincial: Galba, gobernador da Hispania Citerior; Otón, gobernador de Lusitania; Vitelio, responsable das lexións da Xermania, e Vespasiano, á fronte das lexións da fronteira danubiana. Nesta crise política agromaron diversos problemas que escenificaban a tensión entre os italo-romanos e os intereses e necesidades dos territorios provinciais: o enfrontamento entre exércitos provinciais de lexionarios e pretorianos e a reivindicación de protagonismo político por parte das oligarquías urbanas das provincias.

3.2.2. Flavios (69-96)

Foi o xeneral **Vespasiano** (69-79) quen, finalmente, se impuxo ante os outros aspirantes ao trono imperial. El deixou atrás o caos e o pésimo recordo do goberno de Nerón. De igual maneira, o novo mandatario terminou coa tradicional vinculación dos emperadores con vellas familias senatoriais e abriu unha nova dinastía, integrada polos seus dous fillos. Os tres tomaron decisións administrativas semellantes e asumiron proxectos do anterior; segundo Suetonio: o imperio inestable e errante foi reunido e consolidado pola familia flavia.

Vespasiano debeu a súa promoción á xestión administrativa e aos seus dotes militares e constituíu un inmillorable exemplo de promoción das oligarquías municipais itálicas. Con el iniciouse unha nova práctica de garantir a continuidade no poder mediante a asociación ao goberno de quen era elixido para ser o seu sucesor. Así, asociou ao goberno os seus fillos, Tito e Domiciano.

O mandato de Vespasiano revelouose positivo para o Imperio, xa que foi un bo administrador e un gran construtor. O primeiro flavio tamén restaurou o depósito de documentos oficiais, *tabularium*, grazas ao seu interese nos textos xurídicos. De igual

xeito iniciou o proceso de reforma da sociedade romana: a nobreza provincial, atraída polos cambios, substituíu de maneira progresiva a vella nobreza. Asemade saneou as contas públicas e recuperou o Tesouro. Vespasiano e Tito exerceron a censura e elixiron un novo Senado, afín, con *homines novi* recrutados entre as oligarquías itálicas e provinciais.

O curto goberno de **Tito** (79-81) estivo marcado pola actividade militar, xa que se entregou ao sometemento de Xerusalén e Masada (Xudea). Ademais tivo que afrontar tres grandes probas: a excepcional erupción do Vesubio (que arrasou as cidades de Pompeia, Herculano e Estabia), un pavoroso incendio en Roma e a peste do ano 80. Ante estes desastres, Tito prestou todo tipo de axuda á poboación necesitada e contribuíu aos gastos xerados. A el correspondeulle, tras dez anos de obras, inaugurar o maior anfiteatro construído por Roma ata o momento, o Coliseo, símbolo máis visible da política edilicia e de atención á plebe practicada polos Flavios.

Pola súa vez, **Domiciano** (81-96) marcou certas diferenzas respecto de seu pai e seu irmán. En primeiro lugar, a súa actitude ante os deuses, ao darlle un cariz divino ao poder, propoñéndose como protector da relixión romana e á vez deus. Ademais, desde a censura, Domiciano dirixiu unha sistemática persecución dos cómicos e tentou regular os costumes e restablecer a moral romana. Tampouco podía entender a liberdade de movementos de xudeus e cristiáns, razón pola cal os perseguíu con dureza.

O Senado non estaba disposto a tolerar o despotismo deste emperador; a súa muller e un grupo de senadores organizaron a conxura que o matou. Tan mala foi a impresión do seu mandato que sufriu *damnatio memoriae*.

En suma, a **política flavia** supuxo a incorporación ao Senado de moitos provinciais de Occidente (Bética, Galias) e *homines novi* da oligarquía urbana de Italia, na procura de homes capaces e honrados para cubrir os cadros da administración central. Os cabaleiros foron un dos grupos máis favorecidos e que máis promocionou no corpo administrativo. Respecto da plebe, os Flavios mantiveron o compromiso coa plebe alimentaria de Roma, uns 180/200.000 cidadáns romanos con domicilio na cidade. Un dos elementos indicativos do desexo flavio de frear o monopolio de privilexios cidadáns de Italia está na concesión do dereito latino, *ius Latii*, a Hispania.

O culto ao emperador consolidouse e, ademais dun lugar de culto en cada capital de provincia e de *conventus*, levantáronse aras e templos en moitas cidades. Esta práctica facilitaba a cohesión ideolóxica do Imperio e constituía un instrumento de promoción para as oligarquías urbanas.

No plano militar esta dinastía favoreceu o recrutamento de tropas nas áreas próximas ás sedes campamentais, mentres tamén procurou mellorar as condicións de vida dos soldados.

3.2.3. Antoninos (96-192)

Conservamos información literaria moi desigual sobre o século II, como a *Historia Augusta*, ou a obra de Dion Casio. Terminada a dinastía flavia co asasinato de Domiciano, quen non asociara ninguén ao goberno, creouse un novo modelo

sucesorio baseado na adopción. O sistema tiña unha longa tradición nas familias romanas. Permitía elixir os mellores aínda que non pertencesen á familia natural. A súa validez quedou xustificada pola súa duración, evitando crises sucesorias.

O termo Antonino non identifica en realidade os seus membros, pero acéptase como unha convención. De feito, varios Antoninos corresponden á familia Aelia-Fufia e incluso hai autores que prefiren falar dos cinco emperadores bos (deixando fóra a Cómodo) para referirse a esta dinastía.

Por vez primeira, o Senado romano exerceu a potestade de elixir sucesor e optou por Nerva. Comezou así a era máis espléndida do Imperio, o maior período de estabilidade política e boa administración; un tempo de vitorias militares que levan a Roma ao cénit da súa extensión.

Nerva (96-98) é considerado pola historiografía como un emperador sabio e moderado. Procedía dunha rica familia senatorial itálica e asumiu o principado a unha idade moi avanzada. A súa figura serviu de ponte para preparar a transición a un novo réxime, reafirmando un poder imperial que non debía manter marxinados os senadores. Neste contexto, o Senado recuperou prestixio e permitiuse o regreso do desterro dos exiliados para restablecer o clima de liberdade política. Do mesmo xeito, afrontáronse os desaxustes das finanzas públicas.

Traxano (98-117)

Seguindo a política de Nerva, o seu sucesor quixo manter boas relacións co Senado, recoñecéndoo como máximo órgano consultivo. De igual maneira continuou a política flavia de incorporar provinciais á cámara tanto occidentais como orientais. Baixo os Flavios o crecemento económico das provincias repercutira de forma negativa en Italia, que non podía competir cos seus produtos, e Traxano tentou frear o declive itálico. Promoveu axudas alimentarias (*alimenta*) para nenos e nenas libres de Italia, reparou ou construíu novas vías, ampliou instalacións portuarias en Ostia, etc. En Roma creouse un gran foro cunha espléndida columna que recolle as campañas da Dacia; ergueuse un novo acueduto; fixéronse reparticións extraordinarias de diñeiro á poboación (*congiaria*) ou ofrecéronse xogos.

O incremento de gastos que estas medidas supuxeron xunto á redución de impostos foron compensados polo botín de guerra, en especial o derivado das campañas da Dacia. Os grandes ingresos de prata e ouro desta nova provincia permitiron cuñar denarios de mellor calidade e establecer unha relación co áureo máis axustada á realidade, feito que beneficiou o comercio. As conquistas de Traxano (Dacia, Arabia, Mesopotamia, Asiria e Armenia) levaron o Imperio a acadar a súa máxima extensión. Roma, daquela, chegou a abranguer desde as Illas Británicas ao Sahara e desde a Península Ibérica ao río Éufrates.

Hadriano (117-138)

Xunto con Claudio, Hadriano foi un dos principais innovadores da administración central do Imperio. Deste xeito deulle un carácter institucional ao *consilium principis*, ao que incorporou avogados, e ampliou as oficinas centrais de Roma ao servizo do emperador. Así mesmo, Hadriano incrementou a participación

de cabaleiros nos cadros superiores. Asemade, as competencias dos pretores foron codificadas para limitar as iniciativas particulares e converter a procuratela nunha auténtica carreira con rangos e xerarquías.

Este emperador foi un dos máis viaxeiros e percorreu numerosos territorios para atender de preto os problemas dos seus súbditos. Mentres os xuristas producían unha normativa común a todo o Imperio, Hadriano potenciaba as tradicións locais ou medidas particulares adaptadas á realidade de cada provincia.

No ámbito económico facilitou a explotación de terras abandonadas con exencións fiscais e, da mesma maneira, tentou mellorar as explotacións mineiras. E, no que respecta á súa política exterior, fronte á visión expansionista de Traxano, el procurou consolidar o sistema defensivo nas fronteiras do Imperio. Así ergueu en Britania unha muralla de 127 km e aplicou un programa de pactos e cesións cos pobos veciños.

Antonino Pío (138-161)

Coñecido como o emperador perfecto, xa que gobernou de maneira pacífica, promoveu as artes e as letras e deu mostras dunha gran xenerosidade. En contraste co seu predecesor, apenas viaxou, malia que mantivo a súa política pacifista. Antonino atendeu con preferencia a plebe alimentaria de Roma, promoveu medidas para dignificar a vida dos escravos e mellorar a dos libertos, así como tamén avanzou na liberación da tutela da muller. Defendeu os cultos tradicionais, concedeu con xenerosidade a cidadanía romana e foi quen, ademais, de equilibrar as finanzas do Estado.

Marco Aurelio (161-180)

Este emperador, cualificado coma filósofo, foi un mandatario bo e caritativo que emprendeu numerosas medidas asistenciais para mellorar as condicións de vida de mulleres, nenos e escravos, coma o seu predecesor. Continuou tamén a súa política de manter relacións estreitas co Senado e, de igual xeito, defendeu con forza a relixión tradicional, aplicando as leis de Domiciano contra os cristiáns.

Non obstante, o contexto exterior comezou a mudar. Os partos, en Oriente, facían presión para introducírense nos límites imperiais. O desprazamento de tropas a estes territorios permitiu que no Danubio outros pobos cruzasen a fronteira e chegasen incluso a penetrar en Italia. Asemade, conflitos menores tiveron lugar en Britania ou no Rin.

Con todo, a cuestión máis determinante do mandato de Marco Aurelio foi a decisión de romper a sabia tradición instaurada con Nerva de elixir o sucesor máis idóneo. El optou por confiarlle o posto ao seu propio fillo, Cómodo.

Cómodo (180-192)

O último dos Antoninos é retratado con dureza por algúns autores da época (Herodiano ou Dion Casio), os cales sinalan os trazos máis negativos do personaxe:

amizades con gladiadores, excesos en actitude ante os deuses e paralización da política fronteiriza. Na súa defensa hai que dicir que contaba só con dezanove anos cando subiu ao poder e carecía de experiencia política.

Nas fronteiras Cómodo buscou a paz cos bárbaros, sen atreverse a completar o programa militar de seu pai. Na casa actuou coma un tirano e perseguíu senadores por razóns políticas ou para apoderarse das súas fortunas. De igual maneira potenciou elementos de ideoloxía oriental que favorecían a consideración do emperador como un personaxe divino. El mesmo iniciouse nos misterios de Mitra ou procurou vincularse coa figura de Hércules. As súas excentricidades espertaron unha forte oposición e, finalmente, foi asasinado a mans do seu propio adestrador de xogos gladiatorios. Sufriu *damnatio memoriae*.

3.2.4. Severos (193-235)

O goberno dos Severos puxo fin ao período altoimperial marcando a transición cara a un tempo radicalmente distinto ao esplendor vivido cos Antoninos. O século III abriuse xa con grandes dificultades para o Imperio que o sumiron nunha profunda crise que tardará décadas en superar.

Tras o tráxico final de Cómodo, Roma sufriu unha nova fase de anarquía militar e no ano 193 chegou a haber cinco emperadores reivindicando o poder, como xa ocorrera á morte de Nerón. Primeiro foi nomeado emperador, por parte das cohortes pretorianas e do Senado, Pertinax, sen atender a vontade das tropas provinciais. Apenas gobernou uns meses, ao igual que o seu sucesor, Didio Xuliano, un senador rico. Os dous correron a mesma sorte e foron asasinados. Daquela, a defensa dos intereses globais do Imperio foi asumida polo exército máis combativo que coñecía os seus auténticos perigos; as tropas provinciais axiña proclamaron tres emperadores distintos, xefes militares de prestixio: Septimio Severo (na fronteira renana e danubiana), Clodio Albino (en Britania) e Percenio Nigro (en Oriente). No enfrontamento entre eles impúxose finalmente **Septimio** (193-211), un militar que non pertencía á aristocracia romana, quen derrotou os seus rivais (na máis sanguenta confrontación entre exércitos romanos que tivo lugar na batalla de Lugdunum). El comezou o seu mandato proclamando unha adopción ficticia (como suposto fillo de Marco Aurelio) para lexitimar o seu acceso ao trono e deu inicio á nova dinastía, a severa.

Septimio practicou unha dura represión sobre os seguidores dos seus rivais, senadores e oligarcas provinciais, cuxas fortunas incrementaron o patrimonio do emperador. O novo *princeps* estableceu unha monarquía militar na que a carreira no exército abría as portas á administración civil e aos estratos sociais superiores. Outro xesto antisenatorial foi a recuperación da memoria de Cómodo. Quedaba así de manifesto que o tradicional poder do Senado rematara xa.

Desde o ano 197 gobernou xunto co seu fillo Aurelio Antonino Basiano, alcumado Caracala, a quen asociou ao trono; o seu fillo menor, Geta, recibiu tamén o título de César. Septimio loitou contra os partos en Oriente e interveu en Exipto, onde reorganizou a cidade de Alexandría.

Caracala (198-217) compartiu mandato co seu irmán, **Geta** (209-211), pero acabou ordenando a súa morte, posto que actuou de forma expeditiva ante todo posible adversario.

No ámbito económico, os intercambios comerciais retraíanse, a concentración da propiedade agraria crecía e moitas explotacións mineiras tocaban ao seu fin polo que Caracala incrementou os impostos: subiu a taxa por herdanzas e manumisións da vixésima á décima parte (dun 5 a un 10 %) e esixiu o imposto extraordinario pola súa coroación (*aurum coronarium*). Asemade promoveu un gran programa de construcións en Roma, que incluía unhas termas e un pórtico en honor a seu pai.

A *Constitutio Antoniniana* do 212 foi unha das decisións de maior repercusión social da época; por este decreto concedíase o dereito de cidadanía a toda a poboación libre do Imperio. A medida consagrou xuridicamente unha situación de facto pola cal os novos cidadáns melloraban o seu estatuto xurídico sen necesidade de lograr vantaxes nas súas condicións de vida. O obxectivo último sería incrementar os ingresos fiscais grazas á simplificación da elaboración do censo.

No ámbito militar este emperador emprendeu campañas moi custosas contra alamáns e carpos, no Danubio, e contra os partos, en Oriente. Nestas expedicións Caracala demostrou pouca habilidade xa que provocou maior rexeitamento por parte dos bárbaros e puxo en graves dificultades as tropas romanas. Acabou sendo asasinado por un soldado e o exército oriental proclamou a Macrino emperador.

Macrino (217-18) foi un gobernante de transición cuxo brevísimo mandato non deixou pegada. Cabe só sinalar a súa orixe africana e a súa condición ecuestre. Foi sucedido por Vario Avito Basiano, coñecido como **Heliogábalo** (218-222). Este asumiu o poder sendo un rapaz de 14 anos sen experiencia ningunha. Como sacerdote de Baal, o deus Sol, introduciu en Roma este culto. Adoptou o seu curmán, Alexandre, e proclamouno César; garantida a sucesión, tamén foi asasinado.

Neste momento cómpre apuntar o papel desenvolvido polas mulleres da dinastía, moi activas á hora de impulsar as carreiras profesionais dos seus parentes varóns. Por exemplo, **Xulia Domna**, esposa de Septimio, e nai de Caracala e Geta; ou a súa irmá, Xulia Mesa, avoa de Heliogábalo e de Alexandre.

Alexandre Severo (222-235) foi o último emperador desta liña sucesoria. O xurista Ulpiano converteuse nun dos seus principais apoios. A ameaza exterior era cada vez maior, sobre todo en Oriente, agora da man dos persas sasánidas. A incapacidade militar de Severo foi manifesta e morreu asasinado.

O legado dos Severos

Os últimos Severos foron un simple instrumento visible dun poder que repousaba no consello privado imperial, integrado por cabaleiros e xuristas. Neste contexto o carácter semidivino dos emperadores tomou nova forza, mentres o Senado mantivo o número de membros, pero viuse moi afectado por duras represións e alterado por incorporacións de africanos e orientais. A cámara limitábase xa a aceptar a elección de emperador feita polas lexións, como unha institución practicamente ornamental.

A Administración central fíxose máis complexa, con máis funcionarios, e demandou tamén novas cargas fiscais. Un avance do que logo será o programa de Diocleciano está na subdivisión das grandes provincias como Siria, Britania ou a Hispania Citerior. Respecto do exército, mellorou a calidade de vida dos soldados ao permitírenselles casar e vivir fóra do campamento; ademais, para garantir a súa alimentación creouse un novo imposto, a *annona militaris*.

En Occidente, a época dos Severos coincidiu coa crise de moitas oligarquías municipais e co abandono dalgunhas cidades, anticipando a decadencia da vida urbana do século III.

3. 3. Sociedade e economía

3.3.1. Sociedade

A sociedade romana foise transformando ao longo do tempo, pero mantivo trazos esenciais de xerarquización e desigualdade; ademais, acentuouse o seu carácter escravista. No Alto Imperio ampliouse o dereito de cidadanía entre os provinciais. Deste xeito, de maneira progresiva as vellas ordes perderán protagonismo ante novos grupos sociais.

A orde senatorial continúa á cabeza da xerarquía social e os seus integrantes acumulan terras e ocupan altos cargos na Administración e no exército. Non obstante, agora está formada por máis membros, 600, que acceden ben por herdanza ou ben por designación imperial. E, de maneira progresiva, nela incorpóranse máis provinciais.

A orde ecuestre está composta por uns 20.000 cabaleiros, na súa maioría procedentes das diferentes provincias. Os *equites* dedícanse ás actividades comerciais e mercantís, cada vez máis rendibles grazas á expansión territorial, e, de maneira constante, irán ascendendo na Administración do Estado.

Nesta etapa defínese un novo grupo, a *ordo decurionum*, constituída polos reitores das diversas comunidades, é dicir as elites que gobernan as cidades. Malia que resulta difícil cuantificar o seu número, este sería moi elevado (100/150.000 membros).

Por outra banda hai un aspecto que define con claridade un cidadán ou unha cidadá romanos, a condición de libre. Os individuos non libres son os escravos e os libertos.

Os **escravos** (*servi, servae*) carecen de dereitos e son considerados unha posesión dos seus amos (*domini e dominae*). A principal fonte para conseguir escravos foi a guerra; tamén se podía caer nesta condición por nacemento (*vernae*), compra ou condena. Avanzada a época altoimperial producírase unha progresiva redución no número de escravos a partir da fin das conquistas territoriais.

En canto ás condicións de vida, danse situacións moi distintas dentro da escravitude en función das diversas ocupacións desempeñadas. Hai que salientar un grupo privilexiado que traballa na Administración (*servi publici*); fronte a outros moitos que sofren condicións de vida moi duras, por exemplo, os traballadores das minas.

Pola súa vez, os **libertos** son escravos liberados (manumisión). Trátase dunha condición intermedia entre a escravitude e a plena liberdade. Os libertos son considerados cidadáns e poden votar, pero non optar a cargos políticos. Os seus descendentes gozan xa da cidadanía de pleno dereito. No Alto Imperio este grupo irase afianzando e ocupando cada vez máis postos de responsabilidade na Administración. Destaca a relevancia dos libertos imperiais que asumirán cargos de confianza do emperador.

3.3.2. Economía

Na economía altoimperial ten lugar un cambio de modelo: fronte á economía non integrada da República alcánzase un modelo integrado. É dicir, na República os intercambios producíanse entre Roma e os territorios: Roma era o punto de orixe e destino dos intercambios; pola contra, no Imperio daranse múltiples intercambios comerciais entre as diversas provincias (por exemplo, aceite da Bética será adquirido na Xermania). Un aspecto crucial da economía romana é o seu carácter escravista: os escravos serán a principal fonte de traballo, en particular neste período.

A agricultura seguiu sendo no alto Imperio a actividade fundamental; baseada no cultivo de cereais, vide, oliveira, froitas e hortalizas. Coa expansión territorial medraron os latifundios e foise progresivamente reducindo o número de pequenos propietarios. O remate das guerras de conquista provocará a escaseza de escravos que serán substituídos por colonos libres, que traballarán a terra en arrendo.

A actividade artesanal acadou un gran desenvolvemento: incrementouse de maneira considerable a produción e especializouse. As cidades ou os territorios especializábanse en certos produtos que comercializaban, ás veces, a grande escala. De feito, o comercio viviu un extraordinario crecemento tanto en Italia como nas provincias. Os artigos máis demandados eran: viño, aceite, trigo, metais, vidro, obxectos de cerámica, etc.

A produción mineira experimentou un enorme pulo: de carácter intensivo, con man de obra escrava e sometida ao poder público. Destacan os centros mineiros de Hispania (Río Tinto, Cartaxena, Almadén, As Médulas) e da Dacia (actual Romanía). Os diversos sistemas de extracción buscaban o maior rendemento: desde o simple cribado de areas dos ríos; ás minas a ceo aberto ou subterráneas (de ata 100 m de profundidade como Rosia Montana, en Romanía) ou ás grandes obras de enxeñaría como a *ruina montium* (nas Médulas de León).

O comercio foi posible grazas ao sistema de comunicacións que Roma estableceu. Mantívose o fecundo comercio marítimo, no Mediterráneo, pero no Alto Imperio trazouse unha rede viaria que acadou preto dos 100.000 km de vías, unindo practicamente todos os territorios (*Omnes viae Romam ducunt*). Estas vías, de gran complexidade técnica, foron executadas en ocasións polo propio exército. Cada 20 ou 30 km situábanse estacións de descanso (*mutationes* ou *mansiones*) que, co tempo, darán lugar a moitos asentamentos de poboación.

O comercio marítimo era máis rápido e normalmente reservábase para produtos valiosos: aceite de oliva e viño (de Hispania); peixe salgado e *garum* (do

norte de África); metais (da Bética); especias e seda (de Constantinopla, costa sirio-palestina); trigo (de Exipto), etc. Os produtos transportábanse en grandes ánforas: un rexistro asombroso deste tráfico témolo no centro da actual Roma, onde se formou un pequeno monte, o Testaccio, a base de acumular ánforas que transportaban sobre todo aceite da Bética (trátase, pois, dun vertedoiro de case 2.000 anos de antigüidade).

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

Co obxecto de facilitar e racionalizar a docencia da materia empregaranse os seguintes métodos de traballo.

Clases **expositivas** (10 sesións dunha hora de duración cada unha), nas que se presentarán os contidos teóricos da unidade.

Clases **interactivas** (3 sesións dunha hora de duración cada unha), nas que se desenvolverán actividades prácticas relacionadas cos contidos teóricos previamente expostos.

Nas sesións interactivas realizaranse actividades na aula que o alumnado terá que entregar á profesora para a súa avaliación de maneira individual. Proponse a lectura crítica e comentario de varias fontes e autores esenciais da época: *Res Gestae Divi Augusti*; *De vita Caesarum* de Suetonio; *Annales* de Tácito; Apiano, Herodiano, etc. Os textos presentados (v. Anexo) abordan tres temáticas que completan os contidos traballados nas sesións expositivas:

1. a conformación do novo réxime por parte de Augusto;
2. a caracterización de emperadores das diversas dinastías: xulio-claudia (Calígula, Claudio); flavia (Vespasiano, Tito); antonina (Traxano, Hadriano, Marco Aurelio, Cómodo) e severa (Macrino);
3. a caracterización de diferentes mulleres da familia imperial (Livia, Agripina, Mesalina, Xulia Domna).

O obxectivo é dar resposta a unha serie de cuestións primordiais para a comprensión da unidade:

1. a calidade das fontes textuais para o estudo dos emperadores;
2. o poder dinástico: como se lexitima o emperador?;
3. similitudes e diferenzas entre as dinastías altoimperiais;
4. o papel da muller na casa imperial.

5. AVALIACIÓN

A avaliación da unidade docente estará incluída na cualificación xeral da materia. Valorarase o rendemento e a aprendizaxe adquirida a través dunha combinación equilibrada entre actividades de carácter formativo e de carácter final. Nas actividades formativas terase en conta o esforzo e o progreso na aprendizaxe e incentivarase a dedicación constante á materia ao longo da unidade. A actividade de carácter final permitirá comprobar os resultados da aprendizaxe.

Desta maneira, na avaliación teranse en conta tres elementos: a participación na aula, as actividades prácticas das sesións interactivas e a proba escrita. A participación na aula suporá un 20 % da cualificación, as prácticas o 30 % e a proba escrita o 50 % da cualificación final desta unidade.

Dada a relevancia desta unidade, a súa cualificación suporá o 30 % da cualificación final da materia.

6. BIBLIOGRAFÍA

- ANDRÉ, J. M. (1974): *Le siècle d'Auguste*, París.
- BARRETT, A. (1989): *Caligula: The Abuse of Power*, Londres.
- BARRETT, A. (ed.) (2009): *Vida de los Césares*, 2009.
- BLÁZQUEZ, J. M.^a (2008): *Adriano*, Barcelona.
- BENNETT, J. (1997): *Trajan, Optimus Princeps: a life and times*, Londres.
- BIRLEY, A. (1988): *The African Emperor: Septimius Severus*, Londres (1972).
- BIRLEY, A. (2003): *Adriano: la biografía de un emperador que cambió el curso de la historia*, Barcelona (Londres, 1997). Trad. José Luis Gil Aristu.
- BIRLEY, A. (2009): *Marco Aurelio: el retrato de un emperador humano y justo*, Madrid (Londres, 2000). Trad. José Luis Gil Aristu.
- BRINGMANN, K. (2008): *Augusto*, Barcelona (Darmstadt, 2007). Trad. Daniel Romero.
- CANTO, A. (2003): «La dinastía Ulpio-Aelia (96-192 d. C.): ni tan «Buenos», ni tan «Adoptivos», ni tan «Antoninos», *Gerión* 21/1, 305-347.
- CHAMPLIN, E. (2006): *Nerón*, Madrid (Cambridge-Massachusetts, 2003). Trad. Horacio Pons.
- CIZEK, E. (1983): *L'époque de Trajan*, París.
- ESPINOSA, V. (1991): *Los Severos*, Madrid.
- EVERITT, A. (2008): *Augusto: el primer emperador*, Barcelona (Londres, 2006). Trad. Alexander Lobo.
- FARNEY, G. D. (2007): *Ethnic Identity and Aristocratic Competition in Republican Rome*, Cambridge-Nueva York.
- FRASCHETTI, A. (1999): *Augusto*. Madrid (Bari, 1990). Trad. Valerio Simion.
- GALIMBERTI, A. (2007): *Adriano e l'ideologia del Principato*, Roma.
- CHIC, G. (1990): *La dinastía de los Antoninos*, Madrid.
- GOODMAN, M. (1997): *The Roman World, 44 BC-AD 180*. London-New York, Routledge.
- GRANT, M. (1996): *The Severans. The changed Roman empire*, Londres.
- JONES, A. H. M. (1974): *Augusto*. Buenos Aires, EUDEBA.
- LEVICK, B. (1990): *Claudius*, Londres.
- LEVICK, B. (1999): *Vespasian*, Londres.
- LOMAS SALMONTE, F. J. (1990): *Los Flavios*. Madrid, Akal.
- MARTIN, P. M. (1977): *Le siècle des Antonines*, Vendôme.
- MONTERO HERRERO, S., G. BRAVO, J. MARTÍNEZ-PINNA (1991): *El Imperio Romano: evolución institucional e ideológica*, Madrid.
- ROLLER, M. B. (2001): *Constructing autocracy: aristocrats and emperors in Julio-Claudian Rome*, Princeton.

- ROSTOVITZ, M. (1981): *Historia social y económica del Imperio Romano*, Madrid (Oxford, 1926). Trad. Luis López-Ballesteros.
- SYME, R. (1989): *La revolución romana*. Madrid (Oxford, 1939). Trad. A. Blanco Freijeiro.
- THORNTON, M. K. (1989): *Julio-Claudian building programs: a quantitative study in political management*, Wauconda.
- VEYNE, P. (1991): *La sociedad romana*, Madrid.
- VIÑAS, A. (2010): *Instituciones políticas y sociales de la Roma antigua*, Madrid.
- WIEDEMANN, T. (1989): *The Julio-Claudian Emperors*, Bristol.
- WINTERLING, A. (2006): *Calígula*, Barcelona (Munich, 2003). Trad. Pedro Madrigal.
- WINTERLING, A. (2009): *Politics and society in imperial Rome*, Malden.
- YAVETZ, Z. (1983): *Julius Caesar and his Public Image*, Londres.
- ZANKER, P. (1992): *Augusto y el poder de las imágenes*, Madrid (Munich, 1987). Trad. P. Diener Ojeda.

Fontes clásicas

- DION CASIO: *Dio's Roman history*. Traducción de E. Cary. Harvard University Press, 1968-1970.
- HERODIANO: *Historia del Imperio Romano después de Marco Aurelio*. Traducción de J. Torres Esbarranch. Gredos, 1985.
- HISTORIA AUGUSTA. Edición a cargo de Vicente Picón e Antonio Cascón. Akal, 1989.
- SUETONIO: *Vida de los Césares*. Edición e traducción de Vicente Picón. Cátedra, 2011.
- TÁCITO: *Annales*. Edición e traducción de Pierre Wuilleumier. Les Belles Lettres, 1975-1978.

7. ANEXOS

A. Augusto: os poderes do *Princeps*

«V. Non aceptei a ditadura que me ofreceron o pobo e o Senado mentres estiven ausente ou presente na cidade, baixo o consulado de M. Marcelo e L. Arruntio. Non rexeitei encargarme da *annona* en momentos da grande escaseza do gran, administrei as cousas de tal maneira de liberar en poucos días a cidade enteira do perigo e o temor grazas aos meus gastos e preocupacións. Non aceptei o consulado anual e perpetuo que se me ofreceu.

VI. Baixo o consulado de M. Vinicio e Q. Lucrecio, e logo baixo o de P. Léntulo e Cn. Léntulo, e por terceira vez baixo Paulo Fabio Máximo e Q. Teburone, o Senado e o pobo romano quixeron designarme único e todopoderoso superintendente das leis e dos costumes, pero eu non quixen aceptar ningunha maxistratura contraria aos costumes dos nosos antepasados. E aqueles actos que o Senado quixo que de agora en diante fosen realizados por min, realiceinos sobre a base da tribunicia potestate, na cal por cinco veces, espontaneamente, pedín e obtiven colega.

VII. Fun triunviro para a ordenación da República por dez anos. Fun *princeps* do Senado por corenta anos ata o momento en que se escribiron estas memorias. Fun pontífice máximo, augur, parte dos quince homes encargados dos ritos sacros, parte dos *epulones*. Tamén pertencín aos irmáns *Arvales* e aos *Titios*, e así mesmo desempeñei o cargo de heraldo fecial. VIII. Cónsul por quinta vez, por vontade do pobo e do Senado, aumentei o número dos patricios. Tres veces depurei o Senado, e no sexto consulado, tendo como colega a Marco Agripa, fixen o censo da poboación. Celebrei a cerimonia lustral despois de corenta e dous anos e nesta ocasión foron rexistrados catro millóns setenta e tres mil cidadáns romanos. Por segunda vez fixen o *lustrum*, revestido do poder consular con imperio único, baixo o consulado de C. Censorio e C. Asinio nesta ocasión foron rexistrados catro millóns novecentos trinta e sete mil cidadáns. Con novas leis, promulgadas a proposta miña, repuxen en vigor costumes do tempo dos nosos antepasados xa caídas en desuso e eu mesmo traspasei ás xeracións futuras moitos costumes dignos de imitar». (*Res Gestae Divi Augusti*).

B. Dinastías altoimperiais

Dinastía xulio-claudia: Calígula

«LV. A súa paixón polos que lle agradaban chegaba case á tolemia. Ao pallaso Mnester bicábao en pleno teatro, e se mentres bailaba este histrión, alguén facía o máis leve ruído, ordenaba levar á súa presenza ao perturbador e azoutábao pola súa man. Certo día mandou a un centuria que dixese a un cabaleiro romano que facía ruído que partise no acto para Ostia e levase da súa parte unha carta ao rei Ptolomeo, en Mauritania. Na carta dicía só: Non fagas ben nin mal ao que che envío. Favoreceu aos gladiadores chamados tracios e puxo mesmo a algúns á fronte da súa garda xermánica; pero perseguiu aos mirmilóns ata quitarlles a armadura. Un destes, chamado Columbo, saíu vencedor nun combate, aínda que lixeiramente ferido; Calígula introduciu na ferida un veneno ao que despois chamou Columbiano en memoria deste feito. Polo menos con este nome escrito da súa man atopóuselle entre os outros. Era tan adicto ao partido dos Verdes, que comía con frecuencia con eles na súa corte e durmía alí. Un día ao auriga Eutyco, como agasallo de mesa despois dunha orxía, deulle un millón de sestercios. Quería tanto a un cabalo que tiña chamado Incitatus, que a véspera das carreiras do circo mandaba soldados a impoñer silencio na veciñanza, para que ninguén turbase o descanso daquel animal. Fixo construírle unha corte de mármore, un presebe de marfil, mantas de púrpura e colares de perlas; deulle casa completa, con escravos, mobles, e todo o necesario, para que aqueles a quen no seu nome convidaba a comer con el, recibisen magnífico trato, e ata se di que lle destinaba o consulado.

LVI. Estas extravagancias e horrores levaron a algúns cidadáns a concibir o proxecto de quitarlle a vida; descubríronse dúas conxuracións, e mentres outros conspiradores vacilaban por falta de oportunidade, dous romanos comunicáronse o seu designio, e postos de acordo, levárono a execución. Víronse favorecidos ocultamente polos seus libertos máis poderosos e polos prefectos do Pretorio, que

nomeados xa, aínda que inxustamente, como cómplices dunha conspiración, sabían que eran xa sospeitosos e que eran odiados. Calígula xa os recriminara, en efecto, en particular con suma acritude, e desenvaiñando a espada, advertíralles que estaba disposto a darse a morte se crían que a merecía; e desde entón non cesara de acusalos e de excitar contra eles o odio e as sospeitas. Acordouse atacalo ao mediodía, á saída do espectáculo dos xogos palatinos. Casio Querea, tribuno dunha cohorte pretoriana, quixo ser o que descargarse o primeiro golpe, pois Calígula insultaba sen cesar a súa vellez e nunca lle dirixía máis que palabras aldraxantes, tratándoo de covarde e efeminado [...]». (*Calígula. De vita Caesarum*, Suetonio).

Dinastía xulio-claudia: Claudio

«XII. Sobrio na elección de honras e no exercicio do poder, abstívose de usar o título de emperador e rexeitou todas as distincións que saísen do común. Celebrou na súa mansión os esposais da súa filla e o nacemento da súa neta sen ostentación ningunha e como simple cerimonia doméstica. Non levantou ningún desterro senón por consello dos senadores. Pidiu como favor que lles permitisen acompañalo ao Senado ao prefecto do Pretorio e aos tribunos militares, e que se ratificasen alí as sentenzas pronunciadas polos seus delegados nos asuntos xudiciais. Solicitou dos cónsules o dereito de establecer mercados nos seus dominios privados. Asistiu a miúdo como simple conselleiro aos xuízos que celebraban os maxistrados; e cando estes daban espectáculos, levantábase, como todos, ao velos entrar e saudábaos coa voz e coa man. Presentándose os tribunos do pobo ante o seu tribunal, desculpouse con eles por verse obrigado, falta de espazo, a deixalos falar en pé. Semellante conduta granxeoulle en pouco tempo o aprecio e agarimo dos romanos ata tal punto, que correndo o rumor de que nunha das súas viaxes a Ostia fora asasinado, o pobo, consternado, atafegou de imprecacións aos soldados como traidores e aos senadores como parricidas: estas acusacións non cesaron ata que os maxistrados presentaron na tribuna das arengas a un cidadán, e despois outro, e outro, que aseguraron que Claudio vivía e que estaba por chegar a Roma». (*Claudio. De vita Caesarum*, Suetonio).

Dinastía flavia: Vespasiano

«I. O poder imperial, que estaba entón como perdido en mans de tres príncipes cuxas rebelións e violento fin o quebrantaran durante longo tempo, fíxose finalmente e fortaleceuse nas da estirpe flavia. Esta era unha familia escura e sen ningunha distinción, pero non por isto menos querida dos romanos, aínda que produciu a Domiciano, cuxa avaricia e crueldade recibiron xusto castigo. XII. [Vespasiano] Mostrou en todo o demais gran moderación e bondade desde o principio ata o fin do seu reinado. Xamais ocultou o humilde da súa orixe; e aínda ás veces vangloriouse diso; ridiculizou algúns adúladores que querían facer remontar a orixe da casa flavia aos fundadores de Reata, e ata a un compañeiro de Hércules do que se ve aínda un monumento na vía Salaria. Era tan pouco inclinado a canto

se refire á pompa exterior, que o día do seu triunfo, fatigado pola lentitude da marcha e canso da cerimonia, non puido menos de dicir que era un xusto castigo por desexar neciamente, á súa idade, o triunfo, coma se aquela honra correspondese ao seu nacemento, ou coma se puidese esperalo algunha vez. Só moito máis adiante consentiu en aceptar o poder tribunicio e o título de Pai da Patria». (*Vespasiano. De vita Caesarum*, Suetonio).

Dinastía flavia: Tito

«VI. A partir de entón compartiu o poder supremo e foi como o titor do Imperio. Celebrou o triunfo co seu pai e con el exerceu a censura. Foi tamén colega seu no poder tribunicio e en sete consulados. Quedou encargado do coidado de case todos os negocios e ditaba as cartas a nome do seu pai, redactando os edictos e lendo os discursos do emperador ao Senado no canto de facelo o cuestor, sendo, así mesmo, prefecto do Pretorio, funcións todas que ata entón só se encargaran a cabaleiros romanos...». (*Tito. De vita Caesarum*, Suetonio).

Dinastía antonina: Traxano

«Así Traxano converteuse en César e máis tarde en emperador, aínda que había parentes vivos de Nerva, pero Nerva non estimaba os seus familiares por riba da seguridade do Estado, nin estivo menos inclinado a adoptar a Traxano porque este fose un hispano, no canto dun italiano ou fillo de italiano, nin que antes daquilo ningún estranxeiro ostentase o Imperio, pois cría que había de mirarse máis a capacidade dun home antes que a súa patria natal». (Dion Casio LXVIII, 4).

Dinastía antonina: Hadriano

«Con todo, compensaba e corruxía estes defectos coa súa coidadosa supervisión, a súa prudencia, a súa munificencia e a súa competencia; por outra banda, non deu comezo a ningunha guerra e puxo fin ás que xa estaban en marcha; e a ninguén privou inxustamente do seu diñeiro, mentres que a outros moitos (comunidades e cidadáns particulares, senadores e cabaleiros) outorgou grandes sumas. En efecto, non esperaba a que se lle fixesen peticións, senón que actuaba en todos os casos de acordo ás necesidades de cada un. Someteu as lexións á máis estrita disciplina, para que, aínda que fortes, nunca se insubordinasen nin se comportasen con insolencia; e axudou as cidades, aliadas e sometidas, coa maior magnanimidade. Visitara moitas delas —de feito, máis que calquera outro emperador— e auxiliounas practicamente a todas, proporcionándolles subministración de auga a unhas, e a outras portos, alimentos, obras públicas, diñeiro e honras diversas, segundo as distintas cidades». (Dion Casio, LXIX, 5).

Dinastía antonina: Marco Aurelio

«[Marco Aurelio] cultivaba todas as virtudes e era un namorado da literatura antiga, tanto que non ía á zaga de ningún, nin grego nin romano; evidencian esta afirmación todos os seus discursos e escritos que chegaron a nós. Presentábase aos seus súbditos coma un emperador magnánimo e moderado, tanto acollendo os que o visitaban como non permitindo que a súa garda afastase a quen se dirixía a el. Foi o único emperador que deu credibilidade á súa filosofía, non polas súas palabras nin polos seus coñecementos doutriniais, senón pola dignidade do seu comportamento e pola súa prudente forma de vivir. E unha infinidade de sabios foi a achega da época de Marco, pois aos súbditos sempre lles gusta vivir tomando como modelo a forma de ser do seu xefe. Moitos doutos historiadores escribiron sobre o valor e a moderación das súas accións, reflexo das súas virtudes militares e políticas, tanto nas súas campañas contra os habitantes dos territorios do norte como contra os de oriente». (Herodiano I, 2, 3-5).

Dinastía antonina: Cómodo

«Pero cando entrou no anfiteatro espido e, brandindo as súas armas, púxose a loitar coma un gladiador, entón o pobo contemplou un triste espectáculo: o moi nobre emperador de Roma, despois de tantas vitorias conseguidas polo seu pai e os seus antepasados, non tomaba as súas armas de soldado contra os bárbaros nunha acción digna do Imperio romano, senón que aldraxaba a súa propia dignidade cunha imaxe vergoñosa en extremo e deshonorosa [...]. A tal grao de tolemia chegou que xa nin quería habitar o palacio imperial senón que quixo trasladarse á escola de gladiadores. E ordenou que xa non se dirixisen a el co nome de Hércules senón co nome dun famoso gladiador que morrera. Da enorme estatua do Coloso que veneran os romanos e que representa a imaxe do sol fixo cortar a cabeza e mandou poñer a súa, ordenando que inscribisen na súa base os habituais títulos imperiais e da súa familia, pero en lugar do cualificativo de «Xermánico» puxo o de «Vencedor de Mil Gladiadores». Era preciso xa acabar coa tolemia de Cómodo e coa tiranía que pesaba sobre o Imperio romano. No día primeiro do ano novo [...] chegou pois esta época de festas nas que os romanos se dedican de maneira especial uns a outros e saúdanse e comprácese en intercambiar agasallos e compartir os bens da terra e do mar. Esta é tamén a primeira ocasión na que os maxistrados epónimos se poñen a súa ilustre e solemne toga purpúrea. Cómodo decidiu presentarse nesta festa de todos non desde o palacio imperial, segundo era costume, senón desde a escola de gladiadores, e en lugar de vestirse coa toga imperial bordada de púrpura, decidiu aparecer ante os romanos coas armas de gladiador e acompañado por unha escolta de gladiadores». (Herodiano I, 15).

Dinastía severa: Macrino

«No voso coñecemento está o meu plan de vida desde sempre e a inclinación do meu carácter cara á bondade. Estadades decatados da paciencia da miña anterior actuación governativa, non moi distante do exercicio do poder imperial en tanto que o mesmo emperador confía nos prefectos do pretorio. Considero, por tanto, que sobran as palabras. Vós sabedes, sen dúbida, que eu non estaba de acordo co que Antonino facía, e que me expuxen por vós nas frecuentes ocasións en que, dando crédito ás calumnias que chegaban aos seus oídos, tratábovos con dureza. Tamén a min me difamou e desacreditou moitas veces en público a miña moderación e humanidade respecto aos súbditos; e burlouse tachándome de negligencia e debilidade de carácter. Compraciábase cos afagos, e conseguían a cualificación de amigos leais quen o incitaba á crueldade cedendo ao seu temperamento e provocando o seu carácter colérico con calumnias. Pola contra, eu fun desde un principio amigo da paciencia e da moderación. E agora tedes unha proba. Puxemos fin á guerra contra os partos, unha guerra moi grave pola que todo o Imperio romano estaba axitado. Lográmoslo, por unha banda, combatendo valorosamente sen sufrir a máis mínima derrota, e, por outra, pactando cun gran rei, que nos atacaba cun numeroso exército, e facendo un leal amigo dun inimigo difícil de someter. Mentres eu teña o poder, todo o mundo vivirá sen temor e non haberá derramamentos de sangue; máis que un goberno persoal será o dunha aristocracia. E que ninguén me desdeñe, nin consideredes un erro da fortuna o feito de que eu, un membro da orde ecuestre, alcanzase esta dignidade. Pois, de que serve un nobre berce, se non o acompaña unha natureza íntegra e humanitaria? Os dons da fortuna alcanzan mesmo a quen non os merecen, pero a virtude do corazón humano outorga a cada persoa unha fama propia. A nobreza e a riqueza e outros bens semellantes son obxecto de envexa pero non de eloxio, porque se recibiron doutra persoa, mentres que a moderación e a honradez, á vez que son obxecto de admiración, son motivo de eloxio para o home de recta conduta. En que vos beneficiou, poñamos por caso, o nobre berce de Cómodo ou o feito de que Antonino sucedese ao seu pai? Homes coma estes toman posesión do imperio coma se se tratase dunha herdanza debida, e malgástana de forma insultante coma se fose unha propiedade privada que herdasen da súa familia. Pola contra, quen o recibe de vós están sempre en débeda dun favor e tentan corresponder aos beneficios recibidos. Ademais a nobreza de berce dos emperadores patricios dexenera en orgullo por desprezo aos seus súbditos a quen considera moi inferiores; pero quen chegou ao Imperio desde unha condición modesta trátano con coidado como algo adquirido con esforzo, e seguen respectando e honrando, como era o seu costume, a quen antes eran máis poderosos. A miña intención é non facer nada sen o voso consentimento e contar convosco como colaboradores e conselleiros na administración do Estado. Vós viviredes nunha situación de seguridade e liberdade, da que fostes privados por emperadores patricios, pero que tentaron restablecer primeiro Marco e despois Pértinax, chegados ambos os dous ao Imperio desde un berce corrente. Mellor é, sen dúbida, ser para a descendencia o ilustre fundador dunha familia que recibir en herdanza a gloria dos antepasados e deshonrala cunha conduta indigna». (Carta de Macrino ao Senado, Herodiano V, 1).

C. Mulleres imperiais

Livia Drusila

«Livia foi acusada de ser a causante da morte de Marcelo porque este fora o escollido, por diante dos seus fillos. Pero aquela acusación foi posta en dúbida pola natureza tanto daquel ano como do seguinte, que foron tan malsáns que moitas persoas acabaron morrendo». (Dion Casio 53, 33, 4).

«E alí, en Limura, morreu. Pero antes da morte de Caio, Lucio faleceu en Masalia. Tamén el estaba a adquirir experiencia en diversos destinos. Lucio lía no Senado as cartas de Caio mesmo cando el estaba presente. Morreu de socato, dunha enfermidade, de modo que por aquelas dúas mortes empezouse a sospeitar de Livia, especialmente porque por aquelas mesmas datas Tiberio regresara a Roma desde Rodas». (Dion Casio 54, 10, 9-10).

«Pero Augusto, tras caer enfermo, faleceu. Livia fixo recaer sobre si mesma certas sospeitas pola súa morte debido a que, en segredo, Augusto fíxose ao mar con destino á illa onde se atopaba Agripa e críase que se reconciliou con el por completo. Segundo algúns dicían, Livia temía que Augusto chamase a Agripa para que asumise a monarquía. E por iso tería enzoufado en veneno algúns figos que aínda non foran recollidos das figueiras das que Augusto adoitaba recollelos coas súas propias mans». (Dion Casio 56, 30).

«E en verdade tamén ordenou á súa nai que actuase en todo o que a ela lle concernise da mesma maneira, en parte para que así o imitase e en parte para que non tivese ocasión de xactarse. Pois ela ocupaba unha posición moi elevada, superior á de calquera outra muller de calquera outro tempo, de tal modo que na súa casa recibía ao Senado e a todos os membros do pobo que querían saudala. E este ritual foi recollido nos rexistros públicos. E mesmo durante algún tempo as cartas de Tiberio tamén incluiron o seu nome e a calquera dos dous, indistintamente, escribíaselles. Agás porque non se atrevía a entrar no Senado, nos cuarteis ou nas asembleas, tentaba administrar todos os demais asuntos coma se fose ela quen posuise o poder imperial. Durante o reinado de Augusto ela tivo moito poder e afirmaba que fora ela quen fixera a Tiberio emperador. Por iso non quería gobernar con Tiberio en pé de igual, senón desde unha posición de superioridade. Esta foi a razón pola que se fixeron algunhas propostas contrarias ao costume. Algúns expuxeron a súa idea de que se lle outorgase o título de Nai da Patria, e outros o de Proxenitora. E mesmo outros propuxeron que Tiberio recibise o nome dela para que, da mesma maneira que os gregos se chaman polo nome do pai, el fose chamado polo nome da súa nai. Irritado por todas aquelas propostas, Tiberio non ratificou os honores que se lle decretaron excepto algúns, moi poucos, e non lle permitiu que mantivese unha actitude de superioridade. Por exemplo, cando ela erixiu na súa casa unha imaxe de Augusto e pretendeu celebrar na súa casa, con aquel motivo, un banquete para o Senado e a orde ecuestre, acompañados polas súas esposas, non só non lle permitiu que o fixese ata que o Senado non o votou, senón que tampouco lle permitiu naquela ocasión, que sentase os homes á súa mesa, senón que foi el mesmo quen comeu cos homes e ela, coas súas esposas. Finalmente acabou por apartala por completo dos negocios públicos permitíndolle, só, administrar os asuntos domésticos. E, a pesar

de todo, debido a que tamén resultaba molesta na súa dedicación a eses temas, organizouse unha residencia fóra da cidade e evitábaa por todos os medios. Ela foi a razón pola que Tiberio se mudou a Capri». (Dion Casio 57, 12, 12).

Mesalina

«Durante aquel tempo a propia Mesalina seguiu dando mostra da súa impudicia e obrigaba a outras mulleres a vivir igualmente no desenfreo. Facía que moitas mulleres cometesen adulterio mesmo no propio palacio, onde estaban presentes os maridos e as vían. A aqueles homes aos que amaba e desexaba, honrábaos con honras e maxistraturas; pero a aqueloutros que non prestaban as súas mulleres para aquilo, odiábaos e buscaba calquera forma de destruílos. Pero esta realidade, aínda que era algo de importancia e ocorría á luz do día, pasou desapercibida durante moito tempo para Claudio. Pois a el metíanlle na cama a algunha nova serventa e a quen podía informalo de todo aquilo impedíanlles que o fixesen, tanto con mostras de xenerosidade coma con castigos. Por exemplo, a Catonio Xusto, o comandante da garda, quen tiña a intención de informar o emperador sobre todo aquilo, aniquilouno antes de que puidese facelo. Fixo matar tamén a Xulia, a filla de Druso e neta de Tiberio, e que foi ademais muller de Nerón Xermánico, porque estaba celosa dela, como antes o estaba da outra Xulia». (Dion Casio 60, 18.)

Agripina

«Ao principio Agripina administrou no seu nome todos os asuntos do Imperio; e ela e o seu fillo saían xuntos, a miúdo reclinados na mesma liteira, aínda que máis frecuentemente a ela levábana na liteira e el camiñaba ao seu carón. Tamén recibía diversas embaixadas e mandaba cartas a pobos, gobernantes e reis». (Dion Casio 61, 3, 2).

«Agripina, indignada con esta e outras cousas, tentou primeiro rifarlle, facendo mallar nalgúns dos seus secuaces e desfacéndose doutros. Pero ao ver que nada lograba, quedou atafegada pola pena e díxolle: “Fun eu quen che fixo emperador”, como se ela puidese quitarlle a soberanía a el novamente. Non se deu conta de que calquera poder absoluto que sexa entregado a alguén por un cidadán privado, deixa inmediatamente de pertencer ao dador e convértese nunha arma adicional en mans do receptor para facer a guerra a quen o entregou». (Dion Casio 61, 7).

«Conta Cluvio que Agripina, na súa paixón por conservar o poder chegou ata tal punto que en pleno día, a horas en que Nerón estaba excitado polo viño e o banquete, ofrecese varias veces ao seu fillo bébedo, moi arranxada e disposta ao incesto; que cando xa os que á beira estaban advertían os seus lascivos bicos e as tenruras precursoras da infamia, Séneca buscou axuda contra as artes daquela femia noutra muller, facendo entrar a liberta Acte; que esta, inquieta tanto polo perigo que ela corría como pola infamia do príncipe, lle advertiría de que se estendeu o rumor do incesto, do que a súa nai se gloriaba, e de que o exército non toleraría o imperio dun príncipe sacrílego». (Tácito, *Annales*, 14. 2).

Xulia Domna

«Antonino [Caracala] saíu do territorio dos bárbaros e correu a encontrarse co seu irmán e coa súa nai. Cando estiveron xuntos, a súa nai intentou reconcilialos [...] ao toparse coa total oposición fronte ao seu propósito, Antonino, máis por necesidade que por convencemento, acabou por aceptar a concordia e unha amizade máis finxida que verdadeira. Así, os dous fixéronse cargo do goberno do Imperio con igual poder». (Herodiano, III 15, 6).

«Atopastes, meus fillos, o medio de repartir a terra e o mar, e é certo que o Ponto separa os continentes. Pero como ides repartir a vosa nai? E, como mísera de min, sería repartida e distribuída a cada un de vós? Matádeme, como é natural, primeiro, e que cada un separe a súa parte e a enterre no seu territorio. Así, tamén eu sería repartida entre vós, o mesmo que a terra e o mar». (Herodiano, IV 3, 4-9).

«Un parente de Damis puxo en coñecemento da emperatriz Xulia as táboas destas memorias, ata entón descoñecidas. E a min, que pertencía ao seu círculo (posto que ela eloxiaba e admiraba todos os discursos retóricos) encargoume que volvese redactar estes ensaios e me ocupase da súa publicación» (Flavio Filostrato, *Vida de Apolonio de Tiana*, I, 3).





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

